PARLAMENTO
DE GALICIA
Servizos Xurídicos

INFORME DOS SERVIZOS XURÍDICOS SOBRE A PROPOSICIÓN DE LEI, DE INICIATIVA POPULAR, PARA A RESTAURACIÓN DO TEXTO FIDEDIGNO DO HIMNO GALEGO E A SÚA DIFUSIÓN.

Requíreselles aos Servizos Xurídicos para que emitan informe verbo de se a Proposición de lei, de iniciativa popular, para a restauración do texto fidedigno do himno galego e a súa difusión (doc. R.E. núm. 44429, do 29 de novembro de 2022), cumpre os requisitos materiais e formais legalmente esixidos para ser admitida a trámite e, en concreto, o disposto na Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.

A proposición de lei ten por finalidade *«restaurar o texto certo do himno galego, de modo que todos, e especialmente as novas xeracións, o coñezamos, cantemos e interpretemos correctamente».*

Tendo en conta que:

a) A súa regulación afecta á materia relativa ás previsións do artigo 6.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia (Galicia ten himno e escudo de seu), pero non ao desenvolvemento básico do Estatuto de autonomía de Galicia *(Lei 4/2002, do 25 de xuño, do estatuto da capitalidade da cidade de Santiago de Compostela; Lei 1/1982, do 24 de xuño, de fixación da sé das institucións, Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia; Lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e entidades vinculadas ou dependentes delas; Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia; Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo; Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia; Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia; Lei 7/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; Lei 6/1985, do 24 de xuño do Consello de Contas, e Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística)* nin ao réxime xurídico tributario e orzamentario (art. 3 da Lei 7/2015).

PARLAMENTO
DE GALICIA

b) O escrito de solicitude de admisión da proposición de lei de iniciativa popular preséntase por trinta persoas que constitúen a comisión promotora, que figuran identificadas polos seus nomes, apelidos e enderezo.

c) A solicitude vai acompañada dunha exposición de razóns que aconselle a aprobación da proposición de lei [art. 4 b) da Lei 7/2015].

d) Achégase unha declaración escrita por parte de todas e cada unha das persoas que integran a comisión promotora, coa súa sinatura persoal, de non estaren incursas nas causas de inelixibilidade ou incompatibilidade aplicables nas eleccións ao Parlamento de Galicia, é dicir, as previstas nos artigos 4 e 6 da Lei autonómica 8/1985, do 13 de agosto (art. 5 da Lei 7/2015).

e) Achéganse as certificacións das correspondentes delegacións provinciais da Oficina do Censo Electoral acreditativas da veciñanza administrativa e inscrición no censo electoral da Comunidade Autónoma de Galicia das trinta persoas promotoras (art. 5 da Lei 7/2015).

PARLAMENTO
DE GALICIA
Servizos Xurídicos

Logo de examinado o expediente e dado que se reúnen os requisitos mínimos materiais e formais esixidos na citada lei, emítese un INFORME FAVORABLE á súa admisión a trámite.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2022

Polos Servizos Xurídicos

PARLAMENTO
DE GALICIA